



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRINTA DE NOVEMBRO DE 2021, CON CARÁCTER ORDINARIO**

**SRES/AS ASISTENTES:**

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
(Intervención telemática)	D <sup>a</sup> . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D <sup>a</sup> . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D <sup>a</sup> . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D <sup>a</sup> . RAQUEL SANGIAO DURÁN
	D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D <sup>a</sup> . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día trinta de novembro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (29/09/2021, 01/10/2021 e 20/10/2021)**

Dáse conta da acta da sesión plenaria celebrada o día 23/09/2021, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta da acta da sesión plenaria celebrada o día 01/10/2021, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta da acta da sesión plenaria celebrada o día 01/10/2021, na que Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que na páxina sete no cuarto parágrafo na súa intervención debe dicir “.. que o Sr. Soria dimitiu por formar parte dunha sociedade “ofsshore” ligada aos papeis de Panamá e dado pola corrupción do PP que tanto dano fixo a este país...”

Accédese a facer a corrección e apróbase por unanimidade dos asistentes.

**2.- Aprobación, se procede do Orzamento municipal para o exercicio 2022.**

Dáse conta do informe da Comisión informativa de economía e contas do día 24/11/2021 no que examinado o expediente 2021/T004/000001 que contén o proxecto de Orzamento Xeral do Concello de Vedra para o exercicio económico de 2022, que



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



presenta o Sr. Alcalde, e tendo en conta que na súa formación deuse cumprimento ás disposicións contidas no art. 112 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o art. 18 do Real decreto 500/1990 e do art. 168 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, proponse:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o Orzamento do Concello de Vedra para o exercicio 2022 por importe de 5.260.358,04 euros, así como toda a documentación e anexos que compoñen o expediente, asignándose a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

### Estado de gastos

	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	<b>1.OPERACIONES NON FINANCEIRAS</b>	
	<b>1.1. OPERACIÓN CORRENTES</b>	
CAPÍTULO I	Gastos de persoal	1.508.954,00 €
CAPÍTULO II	Gastos correntes en bens e servizos	2.604.734,11 €
CAPÍTULO III	Gastos financeiros	10.768,00 €
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	158.330,00 €
	<b>Total operacións correntes</b>	<b>4.282.786,11 €</b>
	<b>1.2. OPERACIÓN DE CAPITAL</b>	
CAPÍTULO VI	Investimentos reais	923.201,93 €
	<b>Total operacións de capital</b>	<b>923.201,93 €</b>
	<b>TOTAL OPERACIÓN NON FINANCEIRAS (2.1+2.2)</b>	<b>5.205.988,04 €</b>
	<b>2.OPERACIÓN FINANCEIRAS</b>	
CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	15.000,00 €
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	39.370,00 €
	<b>TOTAL OPERACIÓN FINANCEIRAS</b>	<b>54.370,00 €</b>
	<b>TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS</b>	<b>5.260.358,04 €</b>

### Estado de ingresos

	DENOMINACIÓN	IMPORTE
	<b>1.OPERACIONES NON FINANCEIRAS</b>	
	<b>1.1. OPERACIÓN CORRENTES</b>	
CAPÍTULO I	Impostos directos	1.302.000,00 €
CAPÍTULO II	Impostos indirectos	40.000 €
CAPÍTULO III	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	678.100,00 €
CAPÍTULO IV	Transferencias correntes	2.602.972,50 €
	<b>Total operacións correntes</b>	<b>4.623.072,50 €</b>
	<b>1.2. OPERACIÓN DE CAPITAL</b>	
CAPÍTULO VII	Transferencias de capital	622.285,54 €
	<b>Total operacións de capital</b>	<b>622.285,54 €</b>
	<b>TOTAL OPERACIÓN NON FINANCEIRAS (1.1+1.2)</b>	<b>5.245.358,04 €</b>
	<b>2.OPERACIÓN FINANCEIRAS</b>	
CAPÍTULO VIII	Activos financeiros	15.000,00 €
CAPÍTULO IX	Pasivos financeiros	0,00 €
	<b>TOTAL OPERACIÓN FINANCEIRAS</b>	<b>15.000,00 €</b>
	<b>TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS</b>	<b>5.260.358,04 €</b>

**Segundo.-** Aprobar o Cadro de persoal do Concello de Vedra para o 2022.

**Terceiro.-** Expor o Orzamento do Concello e o Cadro de Persoal ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia por prazo de quince días hábiles, de conformidade co disposto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das



facendas locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar as reclamacións que estimen pertinentes.

**Cuarto.-** O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións, entrando en vigor unha vez publicado na forma prevista no artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. En caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas, contando a partir do día seguinte á finalización do de exposición ao público, e as reclamacións consideraranse rexeitadas en calquera caso se non se resolven no acordo de aprobación definitivo.

**Quinto.-** En cumprimento do previsto no artigo 21.6 do Real decreto 500/1990, o orzamento definitivo que se aprobe para o ano 2022 terá o seus efectos dende o 1 de xaneiro e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais.

A Presidencia di que a elaboración destes orzamentos do ano 2022 enmárcase nunha situación na que por un lado se continúa a liñas dos pasados orzamentos en canto á necesidade de controlar o gasto corrente, e o obxectivo de continuar co saneamento do remanente de tesourería, pero por outro lado, algo que é fundamental para o equipo de goberno, a prioridade do orzamento é o mantemento de todos os servizos que presta o concello e a calidade dos mesmos (SAF, ludoteca, madrugadores, etc e todas as axudas pertencentes ao tecido asociativo. Supón un reto e un esforzo grande.

O 30 % do orzamento está vinculado a servizos sociais, preto de 1.500.000 €. apostan por unha liña, e obviamente iso supón menos para outras cuestións. É un tema de prioridades e o grupo de goberno quere garantir todos eses servizos.

Di que é un orzamento equilibrado, cumprindo así coa esixencia da lei.

No estado de ingresos, é unha estimación prudente, realista e racional, mirando como vai a liquidación do orzamento do 2021 e tendo en conta as notificacións oficiais que van facendo dende o resto de administracións para ter en conta os datos de axuda directa e indirecta, taxas, participación nos tributos do Estado, etc. Están pendentes de incorporar ingreso en certos capítulos, á espera de comunicación oficial como se fixo en orzamentos anteriores.

No estado de gastos, no que se refire ao capítulo de persoal, está incluída a subida salarial establecida polo Estado dun 2%, e non están presupostados os créditos de programas de emprego como Aprod Rural, Risga ou o PEL. No momento no que se concedan ditos programas incorporaranse ao orzamento o correspondente ingreso e gasto.

Nos gastos correntes hai un incremento, e gran parte do mesmo está provocado polo aumento do prezo por hora do SAF. O grupo de goberno quixo facer uns orzamentos pensando en créditos a nivel previo á pandemia no que fai referencia a actividades culturais, deportivas, etc.

O capítulo VI de inversións, segue sendo un capítulo importante a pesares das limitacións orzamentarias, presupostando uns 920.000 € de inversións.



Gustaríalle ter máis cartos para facer máis cousas, e cre que ao longo do ano se poderán facer as modificacións correspondentes para seguir facendo obras e prestando servizos, pero neste momento son os orzamentos posibles, equilibrados en gastos e ingresos.

Solicita o voto a favor.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que ben é certo que non necesita o apoio do grupo socialista para sacar os orzamentos adiante.

É un ano no que o orzamento aumenta grazas aos fondos que se van recibir directamente do Estado que proveñen de fondos europeos, aos que o PP votou en contra no Congreso e o puxo moi difícil en Europa para conseguir eses fondos que agora van reverter en beneficio do concello.

Se ben é certo que hai cousas nas que están de acordo, cando fala do SAF, que leva unha parte importante do orzamento, recórdalle que é unha lei que botou a andar da man dun goberno socialista para dar vida a unha cobertura social que non existía. É certo que leva moitos fondos, pero poderíase falar da falta de financiamento que existe por parte da Xunta de Galicia e do Estado. Cada vez ten máis dúbidas de que a externalización do servizo sexa o máis correcto, porque cre que a prestación dun servizo público destas características non pode ser un negocio. Entende que se podería levar mellor dende o concello, as traballadoras ter mellores condicións e non ser máis caro porque non habería un beneficio que se tería que levar ningunha empresa.

Con respecto ao capítulo de vías públicas, a Presidencia dixo que se comprometía a meter unha partida nos orzamentos, que finalmente se queda en 40.000 €, e que a vai subir cos remanentes que poidan quedar cos excedentes das obras que se adxudican por parte doutras administracións. O grupo de goberno fíao todo a iso e non ten ningún plan para arranxar as vías municipais, moitas das cales xa son corredeiras. Para o PP iso é secundario.

Na comisión informativa decatouse de que hai unha partida nos orzamentos, que estaba mal reflectida, para urbanismo, definida como “investimentos en novos equipos informáticos” e resulta que é unha partida para adquisición de terreos que xa tiñan que estar adquiridos. Un deles é o espazo público de San Xián e o outro é o terreo onde está situada a depuradora de Bazar, que xa debería ser propiedade do concello para poder recibir a subvención da Deputación.

Existe unha partida para o centro de saúde de Vedra, cando xa hai tres ou catro anos pedira o apoio do pleno para facer unha cesión do mesmo á Xunta de Galicia, mediante a cal pasaría a formar parte do patrimonio da mesma e esta se faría cargo dos gastos.

En canto aos investimentos vai a obra do saneamento en Quintáns, obra que dixo que ía facer hai dous anos.

O grupo socialista non vai apoiar os orzamentos, pero sobre todo por un motivo: mentres manteña un posto de operario adxudicado a dedo a un concelleiro, o Sr. González Couto. É un situación anormal, se non é “alegal” ou ilegal, que impide a creación dun posto de traballo estable e cunha proba de acceso con igualdade de oportunidades. Parécelle un tema escandaloso.



O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que o seu partido non vai apoiar os orzamentos por unha razón estrutural. O orzamento é a constatación dun erro histórico que cometeu o PP, que é a única actuación que fixo sobre o PXOM, un plan parcial sobre o SUND-4 que permitiu a reestruturación do polígono industrial; unha sectorización e eliminar a depuradora de Ribeira que era o que estaba recollido no PXOM e que permitía estruturar todo o saneamento municipal. Por culpa desa actuación, vai ser incapaz, ao final da súa lexislatura e vida política, de chegar a ese 60% de depuración do concello que prometera hai dez anos.

Debido a esa actuación, hai que socializar os gastos dunha depuradora, facendo pequenas porcalladas que non chegan e non valen para conseguir acadar esa taxa de depuración que pretendía.

Agora están vendo que ese plan de sectorización consumiu 500.000 €, e agora hai outros centos de miles de euros, e propón que parte llo vai cobrar aos propietarios para nada. Fixo unha sectorización para crear unha horta solar e gastou centos de miles de euros de todos os veciños e creou cero postos de traballo.

Tamén é sorprendente que fixera unha obra sobre un terreo que non é propiedade do concello, como é o da depuradora de bazar.

Respecto aos cartos que reserva para os terreos en San Xián, a sorpresa é cando lle contan que pretende unha renegociación sobre da negociación dos propietarios. Ínstao a que expropie os terreos dunha vez canto antes, porque se segue así para o ano que vén os rapaces de San Xián non terán patio.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que no apartado de bibliotecas, o investimento en equipamento informático ía ir para a aula Cemit (20.000 €), pero o concelleiro de novas tecnoloxías di que eses equipos son propiedade de Amtega. Solicita que aclaren a quen pertencen e para onde van ir eses 20.000 € máis os 10.000 € do ano pasado.

Pregunta por que a Escola de música de Santa Cruz recibe máis do dobre de cartos que reciben o conxunto das asociacións culturais do concello.

Tamén pregunta por que nas subvencións nominativas non están certas asociacións do concello con bastante bagaxe como Amabul e Berenguela.

Parece que despois de tres anos o equipo de goberno vai rematar o obradoiro de produtos agrícolas de San Mamede.

Anuncia o voto en contra do seu grupo.

A Presidencia contesta a dona Beatriz Amenal, que do tema do SAF xa se falou moito e non cre que sexa tema de debate hoxe. Remítese ao feito de que hai concellos importantes gobernados polos socialistas e nacionalistas que teñen o servizo totalmente externalizado, co cal cre que é cuestión de números non de ideoloxía política.

Cando fala da adquisición de terreos, di que o terreo onde está á depuradora de Bazar xa é do concello, está pendente o pago por unha simple cuestión burocrática.

No que se refire ás vías públicas, reconece que é algo que se lle resiste ao concello, porque estanlle dando prioridade a outros temas, como o SAF, no que o esforzo do concello para o ano vai ser moi importante, case 240.000 € de fondos propios. Haberá que buscar o equilibrio entre atender eses servizos e mellorar o estado de moitas desas pistas. Non só van 40.000 €, senón que vai haber inversións arredor de 160.000 € para eses asfaltados. A medida que se vaian adxudicando as obras e se vaian liberando créditos, van ir incorporando créditos ao asfaltado. Non é cuestión de non ter un plan, senón dos cartos dos que dispón o concello e como os ten que distribuír.



En canto ao centro de saúde de Vedra, di que ten razón. Segue insistindo en que a Xunta de Galicia termine ese procedemento para que pase o dito centro á súa titularidade.

Por outro lado, dille ao Sr. Pose Rodríguez que vive nunha fantasía permanente. Cando gobernaba o PSdeG-PSOE foi cando se fixo a adxudicación dese plan de sectorización e a medida que van avanzando os traballos teñen que ir pagando as facturas. O ano que vén hai que pagar 120.000 € ao equipo redactor, e quen o paga ao final son os propietarios.

Respóndelle a dona Yolanda Vieiro que os 20.000 € están pensados para a Aula Cemit. En canto á Escola de música, di que é o que se lle viña dando todos estes anos e dende épocas de atrás. Son 21.000 € para a actividade máis 4.000 € vinculados aos campamentos musicais que se fan no verán. Hai veráns nos que non se fan e por tanto non se pagan.

Respecto ás asociacións Amabul e Berenguela, a proposta que fai é cuestión de estudala. Nas subvencións nominativas fóronse incorporando algunhas asociacións e ao mellor en vez de sacar unha liña de subvencións de concorrencia, hai que dotalas cunha certa permanencia no tempo cunha subvención nominativa.

Intervén dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, para dicir que non ve nos orzamentos ningunha partida referente ao centro de día que se vai construír xunto con Boqueixón e que non entende a operación do centro de saúde despois de catro anos.

A Presidencia responde que mañá ten unha reunión co Consorcio e a medida que se avance no tema, se hai que incorporar o orzamento correspondente, farase. Agora mesmo están co anteproxecto e cunha serie de documentación que hai que levar ao Consorcio. Pretende obter gran parte do financiamento a través do Consorcio da Xunta de Galicia dos fondos europeos.

En canto ao centro de saúde, de momento é do concello e non houbo ningunha transmisión.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que se o concello está pagando o centro de saúde, solicita que se reverta esa cesión canto antes, ou que a Consellería de Sanidade devolva os cartos que leva gastado o concello dende que se aprobou en Pleno esa cesión.

Cada partido vaise recordar polo que fixo cando gobernaba. Odón Cobas fixo cousas boas e cousas malas, e as malas recórdaas todo o mundo. O PXOM e o acceso á autovía recórdaas todo o mundo. O tema da sectorización do polígono industrial e da depuradora de Ribeira era do pouco bo que recollía ese PXOM, e iso foi o que o PP tombou e polo que será recordado polos veciños e por deixar parroquias con case o 90% da depuración feita e outras, porque eliminaron a depuradora de Ribeira, ao 0%.

Por outro lado, unha das primeiras mocións que se aprobaron foi a de que se valoraran as empresas que se presentaran a concursos que foran de Vedra. O PP eliminou a empresa de Vedra que facía as limpeza municipais, sacaron a concurso o servizo de limpeza e incrementaron o orzamento para esa partida, e gañouno unha empresa multinacional de Pontevedra.

Poñen por diante os cartos ao benestar das traballadoras do SAF, que traballan no sector máis importante de Vedra, que traballan co sector de poboación que vota ao PP insistentemente.



Pregunta por que non externaliza ao padexeiro municipal, que non é necesario, e ten que cumprir un contrato gañado en concurso.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta para que se gastan entón os cartos en novos equipamentos informáticos na Aula Cemit, porque non é o mesmo que sexan propiedade o Amtega ou do concello. Solicita que no próximo pleno se lle diga a quen pertencen eses equipos.

A Presidencia respóndelle que toma nota da súa pregunta e que intentan renovar todos os equipos.

Respóndelle ao Sr. Pose Rodríguez que no tema do SAF cre que houbo un diálogo importante coas propias traballadoras e se recolleron nos pregos as reivindicacións que lles transmitiron no seu momento, con moito sentido común, e que encarecen o servizo porque hai que dignificar ese traballo, e introduciron esas melloras laborais das traballadoras do SAF de Vedra. Por este motivo a Vedra cústalle máis o SAF ca noutros concellos.

En canto ao tema da limpeza municipal, di que o custe é máis barato agora por unha razón. No ano 2019 había tres traballadoras que aínda non se xubilaran, e o resto facíao unha traballadora autónoma e unha empresa local, cun custe similar ao de agora. No ano 2019 tiña un custe de 130.000 € e agora ten un custe de 132.000 €, coa diferenza de que no ano 2019 non se limpaban as escolas unitarias e a casa do concello cinco días á semana e agora si; non se limpaba o CPI de Vedra pola mañá e agora si polo tema da COVID, e facíanse menos horas noutros locais municipais das que se fan agora. Tamén agora hai máis servizos de limpeza semestrais e anuais como a limpeza de cristais que antes non había. Hai máis servizo, máis horas cun custe similar, polo cal é máis barato.

En canto á depuradora de Ribeira di que se xa vai ser difícil que se desenvolva o polígono industrial, sería imposible facelo se os empresarios que teñan que desenvolveo teñen que asumir a carga de facer unha depuradora en Ribeira e facer a canalización xeral. A realidade de como estaba o PXOM é que se os empresarios non desenvolven o polígono, a depuradora non se fai.

Resposta o Sr. Pose Rodríguez, do BNG, que esa é a súa realidade. É o único caso que coñece de socialización dunha depuradora dun polígono. Os empresarios cando mercan no polígono coñecen o PXOM de Vedra.

Os cartos que chegan e invisten noutras cousas tamén podían parar aí, da mesma maneira que lle está dando cartos aos empresarios que non debía darlle. Hai anos solicitara que lle dixera cantos cartos leva investidos o concello no polígono, con apenas un 10% de propiedade, e non foran capaces de facelo porque non se repercute iso sobre os propios empresarios. Recórdalle que eses empresarios, que están obrigados a montar a depuradora, máis da metade do polígono é do BBVA, que non é un empresario calquera. Outra cousa é que o PP non queira facelo.

Cando se incluíu iso foi por obriga da Xunta de Galicia, gobernada polo PP, porque era así como se desenvolveron todos os polígonos, excepto o de Vedra.

Solicita un documento co histórico dos cartos que puxo o concello sobre o polígono e cantos cartos puxeron os propietarios, incluído o famoso plan de división parcial do polígono e a eliminación da depuradora. Existía un PXOM que tiña perfectamente estruturado o sistema de depuración municipal e o PP rebentouno.



En canto ao tema da limpeza é o mesmo que cando lle concederon un millón de euros para a iluminación pública e decidiron darlo a unha multinacional madrileña. Pregúntalle se é capaz de imaxinar o que supón un millón de euros distribuído entre as pequenas empresas de mantemento de Vedra e comarca; onde están eses cartos que despois van parar a talleres, panaderías, comercio local, etc de Vedra. Están en Madrid. Non dubida que os contratos que fai o grupo de goberno sexan rendibles economicamente, pero é a cambio de ir despoboando Vedra e ser unha catástrofe para o concello. Ese valor distribuído entre as pequenas empresas de Vedra supón un montón de cartos. Iso si, despois reparten folletos para consumir en Vedra e o grupo de goberno é o primeiro que non o fai. Cre que nos contratos hai que valorar outras cousas ademais do aspecto económico.

A Presidencia cre que o Sr. Pose Rodríguez vive nunha realidade paralela, e no que se refire á depuradora de Ribeira mantén e reitera a súa argumentación e explicación de antes.

Posto a votación, apróbase con oito votos a favor do PP e cinco en contra do PSdeG-PSOE e do BNG.

**3º.- Acordo, se procede, sobre adhesión á Iniciativa Xabarín do Parlamento de Galicia (PNP-001472) impulsada pola Mesa de Normalización Lingüística para reforzar a programación infantil e xuvenil en galego.**

Dáse conta da proposta de moción remitida pola Fegamp en defensa do galego no sector audiovisual, na que expoñen que plataformas de emisións de contidos audiovisuais como Netflix, HBO, Prime Video ou Movistar, ou incluso outros canles xeralistas con concesións públicas de TX, emiten os seus contidos só en castelán sen sequera contar coa opción dobrada ou lexendada en galego, que si ofertan para outras moitas linguas.

En maio o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade a Iniciativa Xabarín impulsada pola Mesa de Normalización Lingüística e avalada por máis de 33.000 sinaturas, xa contemplaba medidas para corrixir esta situación solicitando accións para que a nova Lei Xeral de Audiovisual reconeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescricións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixa demanda, e reclamar da Corporación de Radio Televisión Española que emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contido da súa APP.

Propónse ao pleno:

Adherirse á Iniciativa Xabarín do Parlamento de Galicia (PNP-001472) publicada no BOP núm. 126/21, do 21 de abril, e notificarlle este acordo á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Axenda Dixital da Vicepresidencia de Asuntos Económicos , así como á Dirección Xeral de RTVE.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo vai votar a favor, porque iso está contemplado nos presupostos xerais do Estado e chama a atención o retroceso que se está a vivir co idioma galego.





Posta a votación a citada moción, apróbase por unanimidade.

**4º.- Aprobación, se procede, do Regulamento sobre a prestación de servizos na modalidade de traballo a distancia no Concello de Vedra.**

Dáse conta da urxencia deste punto na orde do día que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta da proposta de Regulamento, informado favorablemente pola representación sindical.

A Presidencia di que levan uns meses traballando coa mesa xeral de negociación onde están os representantes de laborais e funcionarios e solicita o apoio para a aprobación dese regulamento.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que o seu grupo está de acordo en que se fomente o traballo a distancia naquelas persoas que o poidan realizar.

Puntualiza que no artigo 9 di: *“os recursos tecnolóxicos para desempeñar o posto na modalidade de traballo a distancia serán de propiedade da Administración, que facilitará á persoa teletraballadora os seguintes:*

- a) Un ordenador para o seu uso nas xornadas de traballo a distancia. Poderá valorarse o emprego de dispositivos propiedade do empregado sempre que cumpran os requirimentos e políticas de seguridade definidas no Esquema Nacional de Seguridade.”*

Pregunta se os equipos os vai proporcionar a administración ou o van ter que proporcionar os empregados, porque un empregado que use o seu propio equipo para o traballo tamén o vai utilizar para o seu uso persoal. Un dispositivo que se utiliza nunha serie de aplicacións, que ten que ter un mínimo de seguridade, entende que ten que ser propiedade do concello.

Noutro parágrafo di: *“Só se prestará o servizo de soporte dos medios corporativos e dos medios tecnolóxicos utilizados na modalidade de traballo a distancia facilitados polo Concello”* e pregunta se iso quere dicir que a persoa que achegue o seu ordenador tampouco se lle vai facer o mantemento, actualizacións etc. que poida necesitar. Non o ven nada claro e cre que son cuestións importantes.

Di que o grupo socialista vaise abster porque hai cuestións que non lle quedan claras.

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, di que van votar a favor porque é un tema no que están todos os sindicatos de acordo e non se van meter niso.

A Presidencia afirma que cando di que levou tempo isto, é porque houbo unhas propostas dos sindicatos de regulamento e fíxose un refundido coas diferentes propostas. Houbo puntos de debate, como o do equipamento, porque hai certos problemas tecnolóxicos e había distintos puntos de vista entre os sindicatos, concello e técnicos. Por iso ese artigo é moi aberto.

Coincide co BNG en que nun tema pactado cos sindicatos non se van meter, e cre que co tempo irán vendo como funciona e para iso está a mesa de negociación para ir solucionando os problemas que poidan xurdir.



Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, responde que a Presidencia o xustifica con que os sindicatos están de acordo, e quere supoñer que sería unha proposta do concello. Entende que a obriga da administración é proporcionar esa ferramenta que debe de ser de uso exclusivo para o traballo.

Posta a votación, apróbase con once votos a favor do PP e do BNG e tres abstencións do PSdeG-PSOE.

### **5º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.**

--Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSde-G-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre a aprobación de actas de sesións anteriores, di que é un comentario.

2º.- Respecto a cal é a situación do espazo público en San Xián, di que está pendente unha xuntanza para a semana que vén para chegar a un acordo sobre o prezo.

3º.- En relación a ese informe da APLU, di que non se acordou de pedirlle á APLU eses datos e que lle contestará no próximo pleno.

--Ás preguntas formuladas por dona Raquel Sangiao, do PSde-G-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre os anexos aos orzamentos do 2020 e a aprobación do orzamento do 2022, di que xa están contestadas.

2º.- Respecto a un taller ou unha charla informativa sobre as tarifas da luz, os cambios da mesma, di que toman nota.

3º.- O resto das preguntas son opinións sobre temas nos que no seu momento o grupo de goberno xa dera a versión correspondente e a elas se remite.

--Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto ao número de autónomos e/ou empresas que utilizaron ou están utilizando o centro coworking dende a súa creación, a Presidencia contesta que como espazo de emprendemento usárono ata o día de hoxe tres iniciativas locais de emprego e unha asociación.

Dende o 1 de decembro comeza oficialmente como centro de emprendemento e coworking dentro da Rede provincial de espazos de traballo da Deputación de A Coruña. Cre que dentro duns meses poderase facer unha avaliación máis aproximada e correcta.

2º.- Sobre o arranxo dun tramo de vía pública que está entre os chalés de Lestedo e a capela de Santa Isabel en San Fins, di que toma nota.

3º.- Respecto a que se vai facer coa aula Cemit, se algún día vai ter actividade esa aula, a Presidencia contesta que a intención é retomar no 2022 a actividade e darlle un pulo á aula, independentemente do cambio de equipos.



4º.- Sobre os dípticos que se ían enviar hai máis dun ano ás casas sobre a violencia doméstica, a Presidencia di que se corrixiron no seu momento e se repartiron nas charlas e talleres que se realizaron. Este ano repartíronse por empresas e comercios de Vedra, centros educativos, ludoteca, etc.

### **6º.- Rogos e preguntas.**

--Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Roga que colguen na páxina web os vídeos das sesións plenarias que faltan dende o mes de abril. Pregunta se nestes momentos funciona o streaming.

2º.- Pregunta pola iluminación que hai na pista de rodadura de Vedra, que lle parece excesiva. Pasou dous días por alí ás oito da tarde e non había ninguén na instalación e a iluminación estaba acendida. Pregunta se non se pode programar.

3º.- Pregunta cal é o motivo da ampliación do prazo de xustificación do proxecto da estación de Santa Cruz coa Deputación de A Coruña.

4º.- Respecto ao centro de envasado de San Mamede, recorda hai catro anos ir ver as obras que se prevían facer nesa escola unitaria e dicir o Alcalde que había unha subvención para ese equipamento do obradoiro de produtos agrícolas de Terras de Compostela, organismo que presidía o Alcalde nese momento. Solicita unha explicación do que aconteceu con esa subvención.

5º.- Solicita poder ver a escritura dos terreos da depuradora de Trobe.

6º.- Recórdalle que se acordara realizar unha homenaxe póstuma ao Xuíz de Paz, don Arturo Cajaraville, e aínda non se fixo. Roga que a organice o máis pronto posible.

7º.- En relación a ese informe da APLU, gustaríalle saber cal é o número de expedientes abertos, pechados, resoltos e o tempo medio de resolución dende a adhesión á APLU.

8º.- A Presidencia deixou unha pregunta sen contestar do pleno anterior: cal foi o erro do Alcalde respecto ao tema das escorrentías.

--O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, pregunta:

1º.- Solicita a paralización da cesión do centro de saúde de Vedra e que se reincorpore ao patrimonio municipal, ou que no tempo de demora entre que se fai a aprobación da cesión en sesión plenaria e a Xunta de Galicia decide, que se recuperen os cartos investidos; xa que a aprobación da cesión foi con esa condición, porque senón iso é unha estafa.

2º.- Solicita un histórico das achegas municipais e dos propietarios do polígono industrial. Quere saber cantos cartos lle custa aos veciños de Vedra o polígono industrial dende que goberna o PP, incluído os pagos do BBVA.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



--Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Solicita o informe que no seu momento redactara o Sr. Secretario sobre a compatibilidade ou incompatibilidade do concelleiro con dedicación exclusiva parcial. Se non o ten, solicita que o redacte de novo.

2º.- Solicita que aclare se é verdade que o concelleiro, o Sr. González Couto, traballa como operario pero non ten contrato laboral. Quere saber se iso é legal ou ilegal.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e cincuenta minutos.